

Preguntas frecuentes

Avaliación nos ciclos formativos

1. Preguntas frecuentes sobre avaliación nos ciclos formativos	3
1.1 Cantas veces se poderá avaliar un módulo profesional?	3
1.2 Quen poderá solicitar a convocatoria extraordinaria ou de graza para un módulo profesional?	3
1.3 Que prazo de presentación hai para solicitar a convocatoria extraordinaria (ou de graza) para un módulo profesional?	3
1.4 Cando se pasará do primeiro ao segundo curso?.....	3
1.5 Que sucederá co alumnado que non se promova de primeiro a segundo por non cumprir os requisitos?	4
1.6 Cantas veces se poderá estar matriculado no mesmo centro educativo?	4
1.7 Cando se pode obter unha matrícula extraordinaria ou de graza para a repetición dun curso no mesmo centro educativo?	4
1.8 Que número de faltas implica a perda do dereito á avaliación continua nun módulo? ...	5
1.9 Que sistema de cualificación se emprega na valoración dos módulos profesionais?.....	5
1.10 Como se avaliará o módulo da FCT?	5
1.11 Como se calcula a nota final do ciclo formativo?	5
1.12 Cando se realiza a sesión de avaliación final nos ciclos formativos?	5
1.13 Que ocorre co alumnado que non cumpre os requisitos para a obtención do título do ciclo formativo e ten algúns módulos aprobados?	6
1.14 Poden un alumno ou unha alumna repetir curso noutro centro ou cambiar de réxime para superar os módulos pendentes?	6
1.15 No cambio de réxime ordinario ao réxime de persoas adultas computan as convocatorias esgotadas no primeiro réxime, e viceversa?	6

1. Preguntas frecuentes sobre avaliación nos ciclos formativos

1.1 Cantas veces se poderá avaliar un módulo profesional?

Cada módulo profesional poderá ser obxecto de avaliación nun máximo de catro convocatorias, con independencia do centro e do réxime, ou da modalidade en que se curse. Quedará exceptuado o módulo de formación en centros de traballo (FCT), que o será nun máximo de dúas.

1.2 Quen poderá solicitar a convocatoria extraordinaria ou de graza para un módulo profesional?

O alumnado que esgotara o número máximo de convocatorias previstas para cada módulo profesional poderá solicitar ante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais unha convocatoria extraordinaria para rematar os seus estudos, sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- Doenza prolongada de carácter físico ou psíquico, tanto do alumno ou da alumna como de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, no período correspondente á última convocatoria ordinaria.
- Discapacidade que implique autorización de flexibilización modular para completar os estudos.
- Calquera outra circunstancia que condicione ou impida o desenvolvemento ordinario dos estudos.

1.3 Que prazo de presentación hai para solicitar a convocatoria extraordinaria (ou de graza) para un módulo profesional?

O prazo de presentación de solicitudes de convocatoria extraordinaria abranguerá desde o 17 de xuño ao 30 de setembro de cada ano.

1.4 Cando se pasará do primeiro ao segundo curso?

O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando se cumpra algún dos requisitos de promoción seguintes:

- Ter superados todos os módulos do primeiro curso.
- Ter pendente unicamente un módulo asociado a unidade de competencia do primeiro curso, con independencia da duración deste.
- Tendo algúns módulos pendentes non asociados á unidade de competencia e que a suma da duración establecida para estes módulos sexa inferior ao 25 % da carga horaria total de módulos de primeiro curso. Para os efectos de promoción, non se terán en conta as horas de libre disposición.

Por exemplo, no caso de suspender os seguintes módulos do ciclo de equipos electrónicos de consumo xa se superaría o 25 % da carga horaria total deste ciclo no primeiro curso.

Código módulo	Módulo	Horas	Sesións semanais	Porcentaxe
CM0124	Electrónica dixital e microprogramable	215	8	24 %
CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2	6 %

1.5 Que sucederá co alumnado que non se promova de primeiro a segundo por non cumprir os requisitos?

En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non se promovan deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o que deberán formalizar a matrícula no mesmo curso, e incorporaranse ao grupo de alumnado correspondente.

1.6 Cantas veces se poderá estar matriculado no mesmo centro educativo?

Con carácter xeral, o alumnado poderá realizar a matrícula de primeiro ou segundo curso no mesmo centro un máximo de dúas veces, sempre que non esgotara o número de convocatorias establecido para cada módulo profesional. Poderá esgotar as outras dúas convocatorias que lle quedan na avaliación dos módulos noutro centro ordinario, polo réxime de persoas adultas ou a través das probas libres.

1.7 Cando se pode obter unha matrícula extraordinaria ou de graza para a repetición dun curso no mesmo centro educativo?

Excepcionalmente, poderase formalizar unha terceira ou unha cuarta matrícula do mesmo curso académico no mesmo centro, sempre que o ciclo formativo teña a condición de liberado (que existan prazas dispoñibles e non haxa lista de espera).

1.8 Que número de faltas implica a perda do dereito á avaliación continua nun módulo?

O número de faltas que implica esta perda de dereito será do 10 % respecto da duración total do módulo, con independencia de que estas faltas sexan ou non xustificadas. Daquela, por exemplo, no caso dun módulo que teña 265 horas ao longo do curso distribuídas en 10 sesións de 50 minutos á semana cada unha, sería motivo de perda de dereito de avaliación a falta de 26,5 horas durante o curso, ou 32 sesións ao longo de todo o curso.

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades prácticas a aquel alumnado que teña perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco propio, para o resto do grupo ou para as instalacións.

1.9 Que sistema de cualificación se emprega na valoración dos módulos profesionais?

A cualificación dos módulos profesionais, agás a do de formación en centros de traballo (FCT), será numérica, entre un e dez, sen decimais. A superación do ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.

1.10 Como se avaliará o módulo da FCT?

Na avaliación do módulo profesional de FCT, colaborará coa persoa responsable da titoría do centro educativo o titor ou a titora da empresa que designe o correspondente centro de traballo para o período de estancia do alumno ou da alumna. No devandito módulo profesional cualificarase como “apto” ou “apta”, ou “non apto” ou “non apta”.

1.11 Como se calcula a nota final do ciclo formativo?

A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos expresada con dous decimais. Os módulos validados ou exentos non se poderán computar para os efectos de cálculo de cualificación final do ciclo formativo.

1.12 Cando se realiza a sesión de avaliación final nos ciclos formativos?

Nos módulos de primeiro curso, a sesión de avaliación final corresponderase sempre co remate do período formativo dos módulos no centro educativo. No caso de módulos de segundo curso, a sesión de avaliación final realizarase unha vez rematado o período ordinario de realización da FCT, e o módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior. Para estes efectos, entenderase que o módulo de FCT é un módulo de segundo curso, consonte o establecido nos currículos correspondentes a cada ciclo formativo.

1.13 Que ocorre co alumnado que non cumpre os requisitos para a obtención do título do ciclo formativo e ten algúns módulos aprobados?

Quen non superara na súa totalidade as ensinanzas de cada un dos ciclos formativos recibirá un certificado académico dos módulos profesionais superados, que terá, ademais dos efectos académicos, efectos de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

1.14 Poden un alumno ou unha alumna repetir curso noutro centro ou cambiar de réxime para superar os módulos pendentes?

Quen, despois da repetición de primeiro curso, non obtivera avaliación positiva para pasar ao segundo curso ou que, despois da repetición do segundo curso, non conseguira titularse por ter módulos pendentes de primeiro ou de segundo, poderá completar os módulos profesionais non superados e, deste xeito, concluír os seus estudos solicitando a admisión noutro centro polo réxime ordinario, polo réxime para as persoas adultas ou por algún dos procedementos previstos.

1.15 No cambio de réxime ordinario ao réxime de persoas adultas computan as convocatorias esgotadas no primeiro réxime, e viceversa?

Ao alumnado procedente do réxime ordinario que acceda ao réxime para as persoas adultas en calquera das súas modalidades, ou viceversa, computaráselle as convocatorias xa consumidas no réxime correspondente. É dicir, a modo de exemplo, se unha alumna repetiu dúas veces un módulo formativo, quédanlle dúas convocatorias, sempre que non sexa o módulo da FCT, que poderá cursar no seu propio centro se existen prazas liberadas noutro centro en réxime ordinario ou en réxime de persoas adultas.